

INSTRUCCIÓN PARA SELECCIONAR A UNIVERSIDADE DE DESTINO

Para cada titulación ofértanse os destinos posibles. Pódense consultar no documento LISTAXE DE PRAZAS OFERTADAS 2010-2011.

Un estudante só pode elixir os destinos que se ofertan para a titulación que cursa.

Pódense elixir ata un máximo de 3 destinos por orde de preferencia.

A duración do intercambio especificarase en meses. A duración da estadía debe axustarse ao período establecido na oferta de prazas. O período de intercambio estará comprendido entre o 1 de outubro de 2010 e o 30 de xuño de 2011.

Isto quere dicir que se para unha titulación se oferta unha praza de 9 meses para unha universidade, os estudantes desa titulación interesados en realizar o intercambio nesa universidade só poderán elixir ir 9 meses (do 1 de outubro de 2010 ao 30 de xuño de 2011). Se a oferta fose por 4 meses, a estadía podería realizarse só por 4 meses, no cuadrimestre da súa elección.

Só é posible elixir a duración do intercambio no caso de que para unha mesma titulación se oferten prazas nunha mesma universidade de diferente duración (é dicir, que por exemplo se oferten prazas de 9 meses e de 4 meses para a mesma universidade).

No caso de que exista a posibilidade de elixir campus na Universidade de destino (porque se oferten para unha mesma titulación e universidade de destino prazas en varios campus) é importante que se indique no formulario de solicitude o campus no que se quere facer o intercambio (anotándoo a bolígrafo, a continuación do nome da universidade de destino, unha vez impreso o formulario).